

## **Nicolosa González Carrodeguas acada o terceiro posto no Campionato de España de San Huberto**

Os días 19, 20 e 21 de setembro tiña lugar en Sabiñánigo (Huesca) o XXVII Campionato de España de Caza San Huberto, onde a Selección Galega contaba cunha ampla representación formada por José Sanmartín Pérez, Pedro Nieto González, José Ramón Zamora e Jorge Martín Sánchez en homes; Ana Isabel Arbiol Ledesma, Cristina Sanmartín e Nicolasa González Carrodeguas en damas; e David Andrew Hawatson en springer.



O sábado disputábase e seminifinal de categoría masculina e o único galego clasificado para a final era José Sanmartín, que remataba como o mellor do seu campo.

O domingo disputábanse as finais masculina, feminina e springer. A primeira en disputarse era a final feminina, categoría que deu as mellores noticias para o noso deporte, xa que a representante galega Nicolasa González Carrodeguas, con "Halo de Caaveiro" (DDM), finalizaba no terceiro posto, sendo o mellor resultado da nosa Selección neste campionato. Na cuarta posición remataba outra galega, Cristina Sanmartín con "Fa da Chousa" (PH).

Pos.	Participante	Can (Raza/Sexo)
<b>1<sup>a</sup></b>	Modesta Iraola (País Vasco)	Mayo de Belkoain (PM)
<b>2<sup>a</sup></b>	María Fernández (C. Valenciana)	Tinto de la Mazorra (SIM)
<b>3<sup>a</sup></b>	<b>Nicolasa González (Galicia)</b>	<b>Halo de Caaveiro (DDM)</b>
<b>4<sup>a</sup></b>	<b>Cristina Sanmartín (Galicia)</b>	<b>Fa da Chousa (PH)</b>
<b>5<sup>a</sup></b>	Laura Martín (País Vasco)	Belco de Ballara (SIM)



A seguinte final en disputarse era a de springer, onde o noso único representante, David Andrew Hawatson, finaliza no 5º posto co SSM "Júpiter Estrellas de Tebra".

Por último disputábase a final da categoría masculina, para a que estaba clasificado o noso representante José Sanmartín, a quen a sorte lle deparou un campo complicado, polo que finalmente rematou no quinto posto coa súa PH "Ja da Chousa".



Pos.	Participante	Can (Raza/Sexo)
1º	José A. Pérez Ojeda (Andalucía)	Sem (SIM)
2º	Juan José Belda Bernal (Murcia)	Toby (SIM)
3º	Julián Oliván Abad (Aragón)	Nana de Leavinestin (EBH)
4º	Rafael Torrijos (C. Valenciana)	Aura de los Montes Universales
5º	<b>José Sanmartín Pérez (Galicia)</b>	<b>Ja da Chousa (PH)</b>

## Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)